



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Economía Mundial	Código	611G01011	
Titulación	Grao en Economía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Mezo Balaca, Ines	Correo electrónico	ines.mezob@udc.es	
Profesorado	González López, Tamara Mezo Balaca, Ines	Correo electrónico	tamara.gonzalez.lopez@udc.es ines.mezob@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O estudo da economía mundial debe partir da identificación dos elementos esenciais que definen e identifican a realidade socioeconómica a estudar. A economía internacional concíbese como un sistema interdependente no que o seu principal dinamismo xorde do centro capitalista, aínda que os seus efectos esténdense, hoxe en día, a todos os países do mundo moi rapidamente. Polo tanto, hai que comezar identificando as características estruturais do capitalismo, definindo as relacións económicas internacionais que comprenden e conceptualizando a evolución destas relacións.</p> <p>Unha vez realizado este paso e tendo en conta que a realidade económica en estudo está composta por innumerables feitos, obxectos e relacións, é necesario un criterio de selección previa. Por iso, a análise comeza coas economías capitalistas desenvolvidas, centra a súa atención na periferia do sistema e posteriormente esténdese ao campo das relacións económicas internacionais.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	CE1- Contribuír á boa xestión da asignación de recursos tanto no ámbito privado como no público.
A2	CE2-Identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, tanto no ámbito privado como no público.
A3	CE3-Aportar racionalidade á análise e á descrición de calquera aspecto da realidade económica.
A4	CE4-Avaliar consecuencias e distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores, dados os obxectivos.
A5	CE5-Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas da economía (internacional, nacional ou rexional) ou de sectores da mesma.
A6	CE6-Redactar proxectos de xestión económica a nivel internacional, nacional ou rexional. Integrarse na xestión empresarial.
A7	CE7-Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	CE8-Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.
A9	CE9-Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A10	CE10-Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A11	CE11Leer e comunicarse no ámbito profesional en máis dun idioma, en especial en inglés.
A12	CE12-Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A13	CE13-Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
B1	CB1 - Que os estudantes demostren posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da su entorna de traballo.



B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da su área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1- Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico
B7	CG2 - Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora
B8	CG3 -Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as máis axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce.
B9	CG4 -Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	CT1-Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT2-Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT3-Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT4-Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT5-Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT6-Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
1. Identificar as fortalezas, debilidades das economías mundiais e postularse nos principais debates actuais sobre o coidado e as tendencias da economía mundial	A2	
	A3	
2. Entender e analizar a influencia do crecemento da poboación, dos recursos naturais, da acumulación de capital física e humana, da tecnoloxía, das institucións e das desigualdades no desenvolvemento económico dos países	A4	
	A5	
3. Coñecer e manexar con certa destreza as fontes estatísticas e documentais relacionadas coa economía mundial e española	A6	
	A8	
4. Aplicar as ferramentas de análise económica ao estudo da economía mundial	A9	
5. Capacidade para interpretar con rigor económico as noticias relacionadas coa economía mundial e española	A10	
6. Utilizar correctamente o léxico económico máis vinculado á asignatura	A11	
	A12	



1. Coñecer os recortes básicos da economía mundial e comprender as claves do desenvolvemento nas súas dimensións económicas, sociais e medioambientais	A1 A7	B1 B2	C1 C3
2. Coñecer as interrelacións entre os fluxos de produción, renda e gasto, familiarizando ao alumno coas principais macromagnitudes dunha economía	A9 A13	B3 B4	
3. Coñecer os principais modelos económicos que explican o funcionamento das economías, a nivel introdutorio		B5	
4. Coñecer e comprender a importancia da taxa de crecemento a longo prazo e a magnitude das diferenzas de renda entre países		B6 B7	
5. Fixar uns coñecementos básicos das principais macromagnitudes e a súa sistematización a través de instrumentos de análise cuantitativa como a Contabilidade Nacional (SEC) e a Balanza de Pagos		B8 B9	
6. Coñecer o fenómeno da globalización así como o seu potencial e os seus riscos para o desenvolvemento dos países			
7. Coñecer e valorar o papel das institucións internacionais encargadas de regular as relacións económicas internacionais, especialmente as comerciais e as financeiras, e os seus retos de futuro			
8. Coñecer os plantexamentos en relación coa sostibilidade do desenvolvemento e as estratexias que se deseñaron nos últimos anos a tal efecto			
1. Compromiso ético co traballo e a sociedade			C4
2. Capacidade para traballar en equipo			C5
3. Capacidade para interesarse polos problemas económicos e a súa resolución			C6
4. Capacidade para reflexionar e posicionarse en relación cos problemas económicos máis relevantes			C7
5. Habilidade para buscar, filtrar, procesar e interpretar economicamente diversas fontes de información (bibliografía e estatísticas), tanto en lingua española como inglesa, mediante diferentes ferramentas, incluíndo recursos telemáticos			C8
6. Capacidade para o pensamento crítico			
7. Actitude activa ante os feitos de actualidade que afecten ao entorno económico da economía mundial			

Contidos	
Temas	Subtemas
I. O entorno económico internacional. Instrumentos de análise económica	1.As bases da actividade económica. Agregados macroeconómicos. A Contabilidade Nacional do SEC 2. As contas exteriores: Balanza de Pagamentos. 3. Indicadores socio-económicos de crecemento e desenvolvemento. Estadísticas do BM, OECD, FMI, UNCTAD, OMC, PNUD, EUROSTAT.
II. Análise da economía mundial. Creación e distribución da riqueza nun mundo globalizado. O papel das Institucións Económicas Internacionais.	4. Evolución da economía mundial nun marco capitalista. A globalización económica dende Bretton Woods. Teorías de crecemento económico. 5. Economías emerxentes e o círculo vicioso da pobreza. Crecemento e desenvolvemento sostible: Benestar, cambio climático, migracións.
III. Relacións económicas internacionais e globalización	6. Internacionalización e Comercio internacional. OMC e UNCTAD 7. Sistema financeiro internacional, Globalización financeira. BM y FMI 8. Integración económica. A Unión Europea

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A3	2	0	2
Análise de fontes documentais	A5 A7 A9	4	8	12
Aprendizaxe colaborativa	A12 A13 B9	4	6	10
Presentación oral	A12 C1	6	12	18
Proba mixta	A9 A12 C1 C3	2	8	10
Sesión maxistral	A2 A3 A7	15	30	45
Obradoiro	A3 A9 A12 B6 B8 C3 C4 C6 C7	2	32	34



Traballos tutelados	A2 A3 B7	6	12	18
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación da asignatura para explicar ao alumno o desenvolvemento do programa, os instrumentos básicos para a medición da economía, as fontes documentais, bibliografía recomendada e requisitos para a avaliación continua.
Análise de fontes documentais	Introducir ao alumno nas principais bases de datos económicos nacionais e internacionais, con información relevante para a análise da economía mundial.
Aprendizaxe colaborativa	Aprender a traballar en grupo para conseguir os obxectivos previamente establecidos.
Presentación oral	Presentación oral dos traballos tutelados que se expoñerán e defenderán oralmente fronte o resto dos compañeiros e profesor.
Proba mixta	Proba escrita sobre os coñecementos adquiridos da materia.
Sesión maxistral	Método expositivo para facilitar ao estudante información organizada sobre os elementos, teorías, métodos fundamentais correspondentes aos distintos temas.
Obradoiro	Interpretar textos económicos e noticias de actualidade, debates dirixidos, tratamento de información socio-económica internacional, participación de conferencias, seminarios relacionados coa materia, probas de autoevaluación e outros traballos que estime o profesor.
Traballos tutelados	Traballos tutelados relacionados con algún tema do programa. Selección do tema, documentación, estrutura xeral, sesións periódicas co profesor, preparación de la presentación...

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Destinadas a reforzar a aprendizaxe autónoma do estudante a través dun seguimento e supervisión das actividades programadas (procura de datos económicos, fontes bibliográficas, resolución de problemas, exposición de traballos).
Presentación oral	As TGR, que poderán impartirse de xeito presencial ou online, dividiránse en dúas sesións de 2 horas. A súa programación terá lugar ao redor das semanas 7 e 13 do cuadrimestre.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A3 B7	Traballo de curso correspondente á avaliación continua: parte de análise cuantitativa, explicación da metodoloxía utilizada, desenvolvemento do tema e bibliografía utilizada. Estes traballos serán tutorizados previamente polo profesor antes da defensa oral.	20
Proba mixta	A9 A12 C1 C3	Proba escrita de coñecementos adquiridos e utilización adecuada de conceptos e linguaxe económica da materia. Terá lugar na data establecida no calendario académico.	40
Presentación oral	A12 C1	Traballo de curso correspondente a avaliación continua: parte de exposición e defensa oral.	20
Obradoiro	A3 A9 A12 B6 B8 C3 C4 C6 C7	Discusión dirixida, lecturas, solución de problemas, probas de autoevaluación e participación activa na asignatura	20

Observacións avaliación



A asignatura está estruturada para facilitar que o alumno leve a materia ao día, dado o carácter actual da materia Economía Mundial. O examen final de coñecementos representa o 40% da calificación total que sumárase as calificacións obtidas na avaliación continua: 40% correspondente ao traballo de grupo e un 20% restante na actividade "Obradoiro". Lémbrese que a avaliación continua é fundamental para superar a asignatura.

A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN

1. Condicións de realización dos exames : Durante a realización dos exames non se poderá ter acceso a ningún dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información, salvo que o propio deseño da proba así o esixa (e neste caso so poderá usarse esta conexión co exterior e/ou o almacenamento de información para os fins marcados polos docentes). Poderá ser denegada a entrada á sala de exame con este tipo de dispositivos. Salvo aviso previo do contrario, tampouco está permitido o uso de calculadoras durante a realización das probas presenciais.

2. Identificándose estudante : O estudante acreditará a súa identidade de acordo coa normativa vixente.

3. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a calificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN:

Cualificación de Non Presentado :Outorgarase esta cualificación ao estudantado que só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% da cualificación final, con independencia da cualificación obtida.

O alumnado que teña recoñecida a dedicación a tempo parcial ou con exención de asistencia seguirán o mesmo sistema de avaliación que os que están a tempo completo. Poderán realizar o traballo de xeito individual. Agás para as datas das probas de coñecementos, as titorías e as tarefas da avaliación continua acordaranse entre o profesor e o estudante.

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

Primeira oportunidade : Na primeira oportunidade será imprescindible unha cualificación mínima de 4/10 no exame escrito de coñecementos para sumar á cualificación de avaliación continua.

Segunda oportunidade : A segunda oportunidade será avaliada co 40% da proba escrita de coñecementos máis o 60% da parte correspondente á avaliación continua que será avaliada na mesma data e proba a través de exercicios prácticos. Será imprescindible obter un 4/10 en ambas partes para sumar ambas notas.

Convocatoria adiantada dedecembro : No caso de que un alumno solicitase a convocatoria adiantada, este será avaliado tal como indica la GADU da materia xa que é do primeiro cuatrimestre (60% avaliación continua+40% a proba escrita).

D) OUTRAS NORMAS DE AVALIACIÓN:

Plataformavirtual: Para seguir a materia e obter todos os materiais básicos dela, usaraseo campus virtual da UDC (moodle). Así mesmo, se o profesorado o considera apropiado, poderá usarse a plataforma do departamento Moebius <http://moebius.udc.es> .Neste caso facilitaráselle a cada estudante un nome de usuario e uncontrasinal persoal, xunto coa información precisa para acceder a estaplataforma virtual.

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Alonso, J.A.(dir.) (última edición, aunque según los temas valen ediciones anteriores) Lecciones de Economía Mundial, Civitas, Madrid. Angeles Sanchez Díez (coord) : Las transformaciones de la economía mundial (libro electrónico)</p> <p>https://campusvirtual.udc.gal/pluginfile.php/539365/mod_folder/content/0/LIBRO%20las%20transformaciones%20de%20la%20eco%20mundial.pdf%20%28UAM%29?forcedownload=1García de la Cruz, Durán, y Sánchez Díez (coord.) (2011), La economía mundial en transformación, Paraninfo, Madrid.Banco Mundial. Informe sobre el desarrollo mundial. www.worldbank.org ? EUROSTAT. Anuario Estadístico. www.europa.eu.int ? FMI. Direction of Trade Statistics Yearbook. www.imf.org ? INE. Cuentas económicas www.ine.es ? OCDE. Perspectivas económicas de la OCDE. www.oecd.org ? OMC. Informe anual. www.wto.org ? ONU. Anuario estadístico. www.un.org ? PNUD. Informe sobre el desarrollo humano. www.undp.org ? UNCTAD. Trade and Development Report. www.unctad.org ? CEPAL. Comisión Económica para América Latina y Caribe. www.eclac.cl ?</p>
Bibliografía complementaria	

